

XORNADA

A vestimenta e o Folclore

7 de abril de 2018

Centro de Artesanía e Deseño

Rúa Chantada s/n

Aforo limitado

Inscripcións por rigorosa orde de chegada ata completar aforo (100 persoas)

[Adxúntase formulario de inscrición](#)

Info.centrad@deputacionlugo.org

Programa

De 17:00h a 17:15h.

- Benvinda de **Darío Campos Conde** Presidente da Deputación de Lugo.
- Inauguración de **Pilar García Porto**, deputada de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico, Deseño e Artesanía e Educación da Deputación de Lugo.
- Presentación de **Mónica Fernández**, membro da xunta directiva da *A.C. Cántigas e Frores* e coordinadora da *Tradescola*.

De 17:15h a 20:00h

Relatorios e intervencións de

Isidoro Rodríguez: Saber o que buscamos para poder atopalo: o Traxe Tradicional Galego

Javier Feijóo “Chisco”: A danza en Galicia.

Antonio Sanjurjo e Teresa Astorgano: Recollendo hoxe

Davide Salvado: Coplas vestidas

Quenlla de preguntas, clausura e visita a exposición *Traxandaina: o traxe aldeán de garda nas Terras de Lugo* na Capela de Santa María



Isidoro Rodríguez

Profesor de baile tradicional, investigador, coreógrafo e dinamizador cultural desde 1975. Director de cursos de cultura tradicional e asiduo colaborador dos medios de comunicación, agrupacións culturais e institucións. Codirixiu varias publicacións como *Arredor da vida*, *Método de baile galego*, *O traxe na Terra Cha* e *A cultura tradicional* publicados no semanal de La Voz de Galicia. Fundador da Asociación María Castaña de recoñecido prestixio polo seu traballo de recollida etnográfica na provincia de Lugo fundamentalmente na zona da alta montaña.



Javier Feijó, Chisco

Director da sección de canto e secreatrio da Fundación Sondeseu. Mestre de Canto Popular da ETRAD. Fundador, compoñente e, ata 2008, director do grupo O Fiadeiro, con quen desenvolveu un amplo traballo de campo recollendo músicas, bailes e cantares por toda a xeografía galega. Foi director do grupo de acompañamento da agrupación folclórica Lembranzas Galegas, e membro dos grupos folk Trisquel e Trebón. Ten conlaborado con músicos como Rodrigo Romaní, Lizgairo, Quempallou, Suso Vaamonde, Mercedes Peón ou Xosé Manuel Budiño, de cuxo grupo forma parte. Dirixe as sección de canto e pandeireta de O Fiadeiro.



Traxandaina

Traxandaina é sinónimo de rigor na reprodución de vestimenta tradicional galega, cuxos responsables Antonio Sanjurjo e Teresa Astorgano contan cunha ampla e recoñecida traxectoria no estudo do traxe aldeán de garda fundamentalmente da provincia de Lugo. A súa prioridade é a recuperación e conservación de formas, bordados, tecidos, cores e técnicas artesáns. Colaboran con infinidade de institucións, asociacións,



particulares e grupos folclóricos como Airiños de Orbazai e Antaruxas e Sorteiros entre outros. Participaron en mostras como a Lucus Moda, a Rural Week, Artesanfroilán ou Corazón da Artesanía en Agolada. Son promotores e protagonistas da exposición O traxe aldeán de garda no Camiño de Santiago que se puido ver no Museo da Fonsagrada, e na pasada edición das festas patronais de San Froilán. O seu obradoiro está rexistrado coa marca Artesanía de Galicia e as súas prendas están incluídas no libro *Traxes na Galicia* de editorial Cunca.



Davide Salvado

É unha das voces máis carismáticas do noso país. De formación autodidacta, leva media vida recorrendo as aldeas na procura de ritmos, coplas e danzas. Comenzou a súa carreira profesional xunto a Uxia Pedreira de Marful e o grupo Ecléctica Ensemble. Pouco despois uniuse como cantante e percusionista á banda de Budiño. Colaborou en traballos discográficos, como *Galiza* de Kepa Junkera ou o nomeado aos Grammy *Sing me Home* de Yo-Yo Ma & Silk Road Ensemble. Xunto con Santi Cribeiro e Cristian Silva, traballou no espectáculo *O Ladrón de Amorodos*, que foi escollido para a sección oficial do WOMEX 2014. Traballou tamén con Cristina Pato, Anxo Pintos e Roberto Comesaña no proxecto *Rústica*. O seu primeiro traballo en solitario foi *Árnica Pura* e tras dous anos de xira editou o seu novo disco Lobos arroupado por Pedro Pascual, Santi Cribeiro, Xabi Lozano, Quim Farinha, Miguel Hiroshi ou Lar Legido entre outros. Gañador da III e IV edicións dos premios Martín Códax no apartado música de raíz.



Mónica Fernández

Iniciase no mundo da música e do baile tradicional na *Asoc. Cultural Cántigas e Frores* de Lugo, onde formou parte dos seus grupos de baile, canto tradicional e da banda de gaitas. Impartiu clases de canto e pandeireta e de baile tradicional en numerosos colexios e asociacións culturais da provincia. Formou parte dos grupos *Veria* e *Cantatí*, cos que gravou sendos discos, e ten realizado colaboracións con outros grupos como *Os Minhotos*, *A. C. Peleriños*, *A. C. Virxe da Cela*... Actualmente é membro da xunta directiva da *A.C. Cántigas e Frores* e traballa como coordinadora da *Tradescola* (escola de música e baile tradicional xestionada pola *Asociación de Gaiteiros Galegos* en Lugo).